

IVÁN E CRISTINA SON OS NOMES MÁIS COMÚNS ENTRE OS ESTUDANTES DO IES MELIDE

¿Sabías que no IES de Melide hai unha rapaza que se chama Lee Ann Sara? ¿E un rapaz que se chama Brayan Stiven? ¿Sabíades que o nome que máis abunda entre os rapaces é Iván e entre as rapazas, Cristina?

Facendo un estudo dos nomes do IES atopamos con que os nomes galegos representan unha pequena porcentaxe con respecto a todos os nomes. A pesar de que a maioría dos nomes son iguais en ambas linguas, observamos que existe unha alta porcentaxe de nomes españois que a día de hoxe poderían ser traducidos ao galego coa lexislación actual.

Os nomes galegos presentan unha porcentaxe do 8,1% con respecto a todos os nomes do IES de Melide, no que hai unha variedade de 210 nomes, isto é, que só 17 deles son galegos. Os máis comúns entre eles son Iria e Uxía, pero hai outros menos comúns como Alexandre, Brais, Doa.... Ademais, queremos destacar un nome que xa foi adaptado ao galego como é Xeila.

Algo que chama a atención é que, deixando á marxe os españois, os nomes galegos son menos abundantes que os que proveñen doutras linguas, estes últimos representan unha porcentaxe do 15,71% con respecto ao total. Pero tamén hai que facer referencia a un nome híbrido como é Yago, que é unha mestura entre galego e español.

A estatística de nomes dos bebés galegos nacidos no ano 2000 –último dato

coñecido-dinos que os nomes máis comúns entre as mulleres en Galicia son María, Andrea, Laura, Paula, Alba e Sara. E, entre os homes, Pablo, Adrian, David, Alejandro, Daniel e Diego. Os nomes máis comúns no IES son Iván, David, Diego, Miguel, Cristina, Rubén, Ana, Lucia, Alberto, Patricia, Daniel, Jorge...

De feito, se contrastamos os nomes galegos que hai no IES con respecto a outros institutos de Galicia, o noso é un nos que menos abundan os nomes galegos polo que aos que están a ler este artigo e, en defensa do noso idioma, animámoslos a que fagan uso da lexislación actual e que galeguicen os seus nomes. Todo iso a pesar de que no noso IES a maioría dos nomes teñan a mesma forma en galego e en español.

En efecto, hai unha gran variedade de nomes, algúns máis bonitos que outros, algúns máis orixinais que outros, pero todos importantísimos precisamente porque son algo así como a nosa matrícula, aquilo co que primeiro se nos identifica. Pola nosa parte, e precisamente por iso, só nos queda insistirvos a todos aqueles que poidades galeguizar o voso nome que o fagades porque, máis que nada O NOSO IDIOMA É NOSO!!!!.

Un saúdo e ata sempre.

Os 32 nomes de muller máis comúns no IES Melide

Nome	Nmeoe m
Cristina	
na	
a	
a	
atriia	
ara	
arta	
ia	
iia	
ania	
anssa	
ataia	
rnia	
atri	
rna	
anra	
ana	
aara	
araCarn	
irian	
nia	
ria	
aa	
a	
nia	
nra	
n	
stana	
ria	
iia	
aara	



OS NOSOS NOMES

Os 30 nomes de home máis
comúns no IES Melide

Nome	Nmeoe mo
Iván	
v	
n	
n	
án	
n	
n	
v	
n	
n	
n	
n n	
n	
n n	
n	
n	

Os nomes autenticamente galegos
do IES Melide

Nome	Nmeoe mo
Iria	
a	
a	
r	
ia	
iaiaaaa	
r	
ia	
ria	
aa	
ira	
araar	
Ia	
iri	
ir	
a	
ra	
rai	
ar	



OS NÓSOS NOMES

Os 50 nomes de neno máis comúns
en Galicia. Ano 2000

[illegible]

Os 50 nomes de nena máis comúns
en Galicia. Ano 2000

[illegible]